



Descrición

CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2019-2020

É obxecto deste procedemento administrativo facilitar a xestión de solicitudes de inscrición nas diferentes actividades culturais e deportivas xestionadas por este concello.

Quen pode presentar unha solicitude

Calquera persoa física que desexe solicitar a inscrición no programa de actividades culturais e deportivas municipais para o curso 2019-2020

Como e onde facer o proceso

Instrucións para presentar a solicitude **VÍA TELEMÁTICA dende a sede electrónica municipal (vía preferente):**

A.- Se se trata dunha SOLICITUDE PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS (como máximo pódense solicitar 8 actividades ou grupos de actividades:

- 1.- Cubre o formulario SOLICITUDE (enlace para descargar máis abaixo) e **gárdao no teu equipo**.
- 2.- Entra na sede electrónica municipal: sede.bergondo.gal (apartado de Solicitude xeral)
- 3.- Unha vez que inicies o trámite online, debes de cubrir os campos que correspondan e anexar o modelo de SOLICITUDE debidamente cuberto gardado anteriormente no teu equipo.
- 4.- As persoas que teñan dereito á redución de cota, deberán anexar o xustificante correspondente (apartado 10 das bases da convocatoria).

B.- Si se trata dunha solicitude para a LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA:

- 1.- Cubre o formulario SOLICITUDE XX LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA TEMPADA 2019-2020 (enlace para descargar máis abaixo) e **gárdao no teu equipo**.
- 2.- Entra na sede electrónica municipal: sede.bergondo.gal (apartado de Solicitude xeral)
- 3.- Unha vez que inicies o Trámite online, debes de cubrir os campos que correspondan e anexar o fomulario de SOLICITUDE XX LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA TEMPADA 2019-2020_debidamente cuberto gardado anteriormente no teu equipo.



Prazo: do 2 ao 6 de setembro de 2019.

Horario: dende as 00.00 h do día 2 de setembro ata as 14.30 h. do día 6 de setembro.

VÍA PRESENCIAL (en papel):

Hai dúas opcións (tanto para as solicitudes de actividades como para a inscrición na Liga de Fútbol Sala):

1.- **Se precisa asesoramento:** deberá achegarse á Casa de Cultura onde lle axudarán a cubrir o impreso que corresponda **antes** de presentalo por rexistro.

2.- **Se non precisa asesoramento,** pode descargar, cubrir e imprimir o formulario que corresponda (descargar en pdf abaixo) e presentalo na oficina do Rexistro Xeral municipal (situado na Casa do Concello).

En todos os casos as persoas que teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente (apartado 10 das bases da convocatoria).

Prazo: do 2 ao 6 de setembro de 2019.

Horario: de 9 a 14:30 h. (de luns a venres).

Normativa

Bases da convocatoria (Consultar o pdf “Actividades municipais 2019-2020)

Máis información:

Nome: Solicitude de inscrición en actividades e deportivas.

Unidade tramitadora: **Cultura e Deportes**

Inicio do procedemento: A instancia de parte.

Tipo de interesado: Persoa física ou xurídica

Órgano de resolución: Alcaldía.

Carácter silencio administrativo: segundo normativa

Prazo de execución: 3 meses.

Recurso aplicable: Potestativo de reposición / Contencioso - administrativo.

Taxas/impostos: Consultar as ordenanzas fiscais do apartado de normativa.

Canles de atención:

Telemático: Dende a sede electrónica, tendo en conta o indicado no apartado de “Como e onde facer o proceso”

Presencial: Descarga, cubre e imprime os documentos requeridos para a súa presentación.